

## Máquina e fin de semana

**Xosé Manuel Eyré**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

EYRÉ, XOSÉ MANUEL (2011 [2009]). “Máquina e fin de semana”. *A Nosa Terra*: 1367 (9 de xullo), 32. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/447>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

EYRÉ, XOSÉ MANUEL (2009). “Máquina e fin de semana”. *A Nosa Terra*: 1367 (9 de xullo), 32.

\* Edición dispoñíbel desde o 9 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

# Máquina e fin de semana

## Makinaria

**Autor:** Carlos Negro.

**Edita:** Xerais, 80 pp.

Se a semana pasada, a propósito da obra *Metal central* de Alfredo Ferreiro, tiñamos oportunidade de lembrar aquela vella vangarda chamada futurismo, nesta ocasión, co gallo de falarmos do último poemario de Carlos Negro, este *Makinaria*, habemos de revisar o que coñecemos como futurismo desde unha óptica desacou-gante. Se a máquina era parte imprescindíbel, condición *sine qua non*, para a existencia do futurismo, hoxe vivimos un tempo tal no que a nosa dependencia das máquinas resulta moito máis superlativa, sinxelamente: custa moito traballo podermos imaxinar a nosa existencia cotiá desligada dos trebellos. Para felicidade daqueles vellos futuristas, cada día que pasa con meirande intensidade e para máis xente, máquina xa case é sinónimo de vida, é dicir: a máquina como requisito inalienábel da propia vida!

Aclaremos, antes de continuar, que este poemario vén édito en Fóra de Xogo, colección literaria para mozos e mozas. E, polo mesmo, literatura que os adultos non deben deixar de ler. Mais tamén merece comentario e ponderación a aposta de Xerais pola poesía como xénero a divulgar entre a mocidade. E non só entre a mocidade é que se precisa. Nin tampouco debe quedar no tinteiro a parte correspondente ao autor, que a aposta tamén é súa. E, xa que estamos, tampouco podemos deixar de dicir o seguinte: esta non é a única fórmula posíbel; promocionar



Carlos Negro.

ANDRÉS PANARO / Arquivo A.N.T.

a poesía entre a mocidade pode facerse, xa, desde a soa presenza de títulos deste xénero entre as lecturas escolares, poesía, sen máis, de calquera tipo, pode non gustar a todos coa mesma intensidade, mais iso pasa con calquera xénero, porque, sexamos sinceros, o que revela que os nosos escolares non leen poesía é, sen dúbida, que os seus docentes tampouco a len, e iso si que é ben síntoma de enfermidade grave.

A fórmula escollida por Carlos Negro consiste en presentarles a estes lectores mozos unha historia. De xeito que o que se le, lese en versión poética, porque o autor así o decidiu. Mais esta historia tamén se podería ler moi ben en prosa, claro que así non sería o título dun libro senón dun conto ou relato. Inclusive é unha historia que berra con insistencia por unha versión musical, e xa será

raro lela sen que que unha versión hip-hopeira nos revoe pola cabeza. Sobre todo nos poemas rimados, poemas de rimas nada complexas, que están aí para lembrar que o que se le é poesía

—e téñase en conta que para moitos mozos e mozas, sen rima non hai poesía.

Unha historia bastante tópica. O cal non quere dicir que non sexa real. Infortunadamente é moi doadamente encontrábel. Sobre todo nas fins de semana e nas noticias que refiren a actualidade do tránsito nese dous días. Unha historia que non pode ter final feliz porque, como se di na presentación editorial: “a morte converte a euforia en chatarra, porque só admite como meta o destino cemiterio. Pois así é a historia duns mozos desesperanzados, carentes de expectativas vitais, que só no subidón adrenalínico ven unha vía de escape á reali-

—e téñase en conta que para moitos mozos e mozas, sen rima non hai poesía.

Unha historia bastante tópica. O cal non quere dicir que non sexa real. Infortunadamente é moi doadamente encontrábel. Sobre todo nas fins de semana e nas noticias que refiren a actualidade do tránsito nese dous días. Unha historia que non pode ter final feliz porque, como se di na presentación editorial: “a morte converte a euforia en chatarra, porque só admite como meta o destino cemiterio. Pois así é a historia duns mozos desesperanzados, carentes de expectativas vitais, que só no subidón adrenalínico ven unha vía de escape á reali-

dade. Decibelios, gasofa e ferro a fondo para, polo menos, asegurar a vertixe. Velaí. Futurismo cotián. Aqueles vellos futuristas que inauguraban o século pasado ben poderían pasar por calquera dos mozos e mozas que saen nos partes de noticias dos luns.

Que é o que se busca? Que o verso entre como inxección en vea e identifique o lector co mundo en que vive, e lle prenda a adición a este xénero tan novo para uns adolescentes que en principio están máis afeitos á narrativa. Cun par de perigos a sortear. Primeiro, que o asunto narrado non deixa de ser tópico. Segundo, estamos en poesía e un tema coma este deixa pouca marxe á evocación poética; de primeiras intuimos que o desenlace non vai ser feliz, instalados nesa atmosfera de precariedade e necesidade de aceleradores vitais externos, temos poucas oportunidades para desenvolver a característica base ou definitiva da poesía (a evocación).

Consciente disto, o autor dispón os versos de xeito que se sobredimensione a súa presenza, versos curtos, mesmo moi curtos, de interliñados grandes, para así forzar, retorcer a faciana evocativa. Que fas, rapaz?, para, detente, que isto é poesía, reflexiona, busca dentro das palabras e dentro de ti. Velaquí o futuro como condena, o veneno como droga, a velocidade terminal da caída libre que só remata na morgue e nas bagoas dos familiares e achegados.

Un aspecto a salientar é o esforzo de Carlos Negro por respectar e actualizar a terminoloxía coloquial referente ao mundo do motor. Xustamente por iso, o poemario inclúe, no remate, un glosario de termos e expresións deste peculiar mundo; sempre defendemos este tipo de prácticas aclaratorias, aínda que, como neste caso, o texto se poida ler sen ningunha dificultade prescindindo del. Ah, e o libro tamén inclúe un bonito epílogo de Rosa Aneiros.●

X.M. Eyré